

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/073
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON CARGO A LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Liñas de investigación*: Transparencia en espazos de privación de liberdade			
Referencia axuda: 895-2023-1009			
Título: PRISON TRANSPARENCY PROJECT (PTP)			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 1/04/2023	FIN: 1/03/2030	
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito. De luns a venres de 10:00 a 13:30 h.			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Xestor/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir		Técnico administrativo/a e de xestión <input type="checkbox"/>	
Colaborador/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir		Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
Técnico/a de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/> MECES 3			
XORNADA	Tempo Completo: <input type="checkbox"/>	Tempo Parcial: X	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 6/05/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido X			
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.269,33 *			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.23.05.23.541A.649.02.06			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Título oficial de posgrao (máster)
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): : Cristina Fernández Bessa (PR-RC, presidenta); José Ángel Brandariz (CAT-UN, secretario); Ana Ballesteros Pena (PR-RC); Máximo Sozzo (PR-RC); David Soto (PPL-LOSU, suplente); Luz María Puente Aba (CAT-UN, suplente); Xulio Ferreiro Baamonde (TIT-UN, suplente);
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Asinado Por	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	





En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 16 de ABRIL de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: CRISTINA FERNÁNDEZ BESSA

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	IP	Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

BASES DA CONVOCATORIA:

Contrato dun/a técnico de apoio á investigación, con cargo ao proxecto Prison Transparency.

Ref.: 895-2023-1009

IP: Cristina Fernández Bessa

DESCRICIÓN DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN:

O proxecto Prison Transparency (PTP) é un proxecto internacional financiado polo Social Sciences and Humanities Research Council de Canadá, cuxo principal obxectivo é compartir información e estudar comparativamente os sistemas de transparencia carceraria de Arxentina, Canadá e España.

O PTP pretende desenvolver un estudo colaborativo e comparativo de sete anos de duración (2023-2030) sobre a transparencia carceraria en sete sistemas de privación de liberdade en Canadá, Arxentina e España, tendo en conta as especificidades do Quebec e Cataluña. O proxecto investiga tanto os mecanismos formais como as prácticas informais que promoven a circulación de información dentro e fóra das prisións, tanto con fins de rendición de contas como para defender os dereitos e liberdades das persoas encarceradas. O PTP está conformado por un equipo internacional de investigadoras e investigadores, persoas con experiencia de encarceramento, organismos públicos, ONG, organizacións de base, avogadas e avogados, xornalistas e familiares e amizades de persoas encarceradas. O ECRIM coordina o equipo de investigación e de traballo español.

Entre os obxectivos principais do PTP destacan a recollida de datos sobre transparencia carceraria durante os sete anos do proxecto, mediante enquisas, entrevistas, informes independentes e datos oficiais. Estes datos constituirán o núcleo da investigación que permitirá comprender e comparar os sistemas de transparencia carceraria. Mediante a coordinación coas entidades sociais que brindan apoio ás persoas privadas de liberdade, priorizaráanse os aspectos máis relevantes a recoller e analizar no marco do proxecto.

O proxecto PTP tamén pretende comparar as formas de acceso á información entre diferentes países (Arxentina, Canadá e España) e as culturas políticas e gobernamentais específicas de determinados territorios (Quebec, Cataluña), documentar a diversidade de estratexias para abordar a transparencia en diferentes culturas locais e internacionais; apoiar á creación de redes transnacionais de activistas, persoas con experiencia carceraria, familiares e amizades e entidades de monitoreo penitenciario; proporcionar formación e apoio a persoas con experiencia de encarceramento e estudantes universitarios, nos ámbitos da investigación e da comunicación pública; compartir a información recompilada a través de múltiples vías, incluídos podcasts, seminarios, publicacións e outras actividades comunitarias.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	IP	Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





TAREFAS A REALIZAR:

O/a técnico/a de apoio á investigación contratado/a integrarse ao grupo de investigación ECRIM e realizará as seguintes tarefas en colaboración co equipo de investigación do proxecto:

- Apoio técnico no desenvolvemento das tarefas de investigación (elaboración de documentos de traballo e informes de investigación, recompilación e análise bibliográfica, participación na preparación de artigos académicos e relatorios).
- Apoio no traballo de campo sobre transparencia na privación da liberdade en España (participación no deseño dos instrumentos de investigación, recolección de datos, análises de datos cuantitativos e cualitativos).
- Apoio nas tarefas de coordinación nacional e internacional do proxecto (colaboración na coordinación cos equipos internacionais, na organización de actividades académicas, na comunicación e coordinación do traballo coas entidades sociais).
- Apoio á presentación pública de resultados a nivel nacional e internacional (presentación de resultados en congresos, preparación de artigos de difusión)

LUGAR E HORARIO:

Facultade de Dereito. De luns a venres de 10:00 a 13:30 h.

REQUISITOS DAS CANDIDATURAS:

- Titulación universitaria de licenciatura ou grao nalgunha titulación do ámbito das Ciencias xurídicas ou as Ciencias Sociais.
- Título oficial de posgrao (máster) no ámbito das ciencias xurídicas ou sociais.
- Coñecemento de castelán: C1 ou superior/ lingua nai

CANDIDATURAS:

As persoas solicitantes deben describir todas as súas cualificacións e méritos mencionados nesta convocatoria. As solicitudes deben estruturarse seguindo o esquema e os conceptos de avaliación que se presentan a continuación. Todas as cualificacións deben especificarse, facendo referencia ás tarefas realizadas en postos anteriores e á duración destes postos académicos. Presentar os méritos sen seguir o esquema e os conceptos de avaliación que se presentan a continuación é motivo de exclusión da convocatoria.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

BLOQUE 1. TITULACIÓN ACADÉMICA E FORMACIÓN. Máximo 20 puntos.

- Grao ou licenciatura: en dereito, criminoloxía, ciencias políticas ou socioloxía: 5 puntos. En disciplinas afíns: 2 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	IP	Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Títulos oficiais de posgrao (máster): no ámbito da criminoloxía, o dereito penal ou a penoloxía: 5 puntos. En disciplinas afíns: 2 puntos.
- Doutoramento no ámbito das ciencias xurídicas ou sociais: finalizado: 6 puntos. En curso: 3 puntos.

BLOQUE 2. EXPERIENCIA EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA NO ÁMBITO DO DEREITO, A CRIMINOLOGÍA OU AS CIENCIAS SOCIAIS. Máximo 30 puntos.

- Participación en proxectos de investigación financiados sobre temáticas relacionadas coa liña de investigación. Internacionais: 0,75 puntos por mes. Estatais/autonómicos/locais: 0,25
- Participación noutros proxectos de investigación financiados: Internacionais: 0,3 puntos por mes. Estatais/autonómicos/locais: 0,1
- Experiencia en traballo de campo cualitativo na temática de prisións e/ou centros de internamento: 1 punto por mes de dedicación.
- Publicacións en revistas académicas sobre temas relacionados co proxecto (acéptanse en prensa): Indexadas: 1 punto por publicación; outras: 0,8 puntos por publicación.
- Outras publicacións académicas (acéptanse en prensa): 0,4 puntos por publicación.
- Presentacións en congresos académicos sobre temas relacionados co proxecto. Internacionais: 0,5 puntos por presentación; Nacionais: 0,25 puntos por presentación.
- Participación en comités de organización de actos académicos (seminarios, conferencias, congresos): 0,2 por acto.

BLOQUE 3. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 15 puntos.

- Experiencia profesional acreditada no eido penitenciario, do control migratorio ou da investigación social (cuantitativa o cualitativa): 2 puntos por ano.
- Experiencia profesional ou acreditable en apoio á investigación e/ou docencia universitaria: 1 punto por ano.
- Voluntariado ou situación asimilable en entidades sociais relacionadas cos dereitos humanos en relación coa privación de liberdade, as prisións ou os centros de internamento de estranxeiros: 0,5 puntos por ano de participación.

BLOQUE 4. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS. Máximo 10 puntos.

- Coñecemento de inglés: B2 = 2,5 puntos; C1 ou superior = 5 puntos
- Coñecemento de francés: B2 ou superior = 2,5 puntos;
- Coñecemento de galego: CELGA 4 ou superior: 2,5 puntos
- Coñecemento de catalán: B2 ou superior: 2,5 puntos

BLOQUE 5. ENTREVISTA PERSONAL EN INGLÉS. Máximo 25 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	IP	Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





-Levarase a cabo unha entrevista en inglés coas 3 persoas candidatas con maior puntuación, sempre que haxa unha diferenza inferior a 25 puntos entre elas.

Con base no cumprimento dos requisitos e a valoración dos méritos establecerase unha orde priorizada das persoas candidatas. Será adxudicataria a persoa candidata con maior puntuación. Co resto das persoas candidatas, que cheguen a un mínimo de 30 puntos (como mínimo 10 no bloque 1 e 5 no bloque 4), confeccionarase unha lista de agarda que se empregará para a contratación, exclusivamente para esta praza, no caso de renuncia, cesamento ou baixa por incapacidade temporal da persoa seleccionada.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina Fernández Bessa	Asinado	16/04/2026 00:14:47
Observacións	IP	Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/z2p4GtYL8mHmT8Bqqjh7xw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

